

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN AMIGOS DA COCIÑA GALEGA PARA A PROMOCIÓN DA COCIÑA GALEGA VINCULADA AO CAMIÑO DE SANTIAGO A TRAVÉS DOS PREMIOS DA COCIÑA GALEGA

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Por unha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra, D. Francisco Javier Outumuro Castro, actuando en nome e representación da Asociación Amigos da Cociña Galega, con NIF G78464724. e domicilio a efectos de notificación en Praza das Damas, núm. 1, 32005 Ourense.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a Asociación Amigos da Cociña Galega é unha entidade sen ánimo de lucro, fundada en 1986, que conta con personalidade xurídica e capacidade de obrar, cuxo obxectivo é a promoción e potenciación da cociña e dos viños galegos.

Como fins xerais ten a Asociación promover e difundir o interese pola gastronomía tradicional galega en xeral e as disciplinas con ela relacionadas a través de publicacións de todo xénero, celebracións de xornadas gastronómicas, recoñecementos, promocións e montaxe de exposicións e actividades similares.

Para a consecución dos seus fins, a asociación levará a cabo accións de divulgación cultural e formativa referentes á cociña/adega e da cultura galega en Xeral, relacionadas sobre todo coa gastronomía; organizará xornadas gastronómicas galegas, e demais actividades relacionadas coa difusión e promoción da cociña galega.

Terceiro.- Que é de interese xeral para o desenvolvemento do sector turístico en Galicia o fomento da realidade asociativa das empresas e entidades que prestan servizos turísticos na nosa Comunidade Autónoma. Este asociacionismo debe estar agregado a nivel de cadea de valor, de xeito que se vaia camiñando cara unha ordenación do ámbito asociativo no eido turístico, diminuindo a atomización actualmente existente. O fomento desta agrupación da realidade asociativa é merecedora dun impulso e un recoñecemento da súa labor, para a que é necesaria unha mínima estrutura de funcionamento que permita acadar os fins comúns dos seus asociados, que redunda nunha mellor calidade turística en Galicia.

A hostelería é un sector básico e estratéxico na economía da nosa Comunidade autónoma, e as asociacións, federacións e confederacións son clave no seu engranaxe empresarial. O asociacionismo é un xeito de defender intereses comúns, buscar solucións a problemas que de xeito común afectan aos asociados, neste caso empresas do ámbito da hostelería, e velar polos seus intereses.

Asociarse e traballar en conxunto faise necesario ante un escenario de recuperación que se presenta lento e progresivo. Por isto, as asociacións, federacións e confederacións de hostelería son básicas para o sector, tanto dende o punto de vista dos empresarios como das persoas que traballan nel, xa que son un apoio fundamental para recibir, entre outros, asesoramento e formación.

Cuarto.- Que a Estratexia de Turismo de Galicia 2030 ten como unha das súas misións *Galicia, Destino Auténtico e Diferencial* e dentro dela se recolle a medida estratéxica *Gastronomía como recurso estratéxico*.

A gastronomía galega sitúase como un dos principais atractivos e factores diferenciais do noso destino, destacando tanto pola súa tradición culinaria como pola innovación enogastronómica.

A través de diversas accións, como o desenvolvemento de novas infraestruturas de apoio para a innovación e formación, incentivos a xeración de proxectos tractores ou o fortalecemento da ligazón cos produtores locais, buscarase destacar a autenticidade e calidade dos produtos galegos, xerando un turismo mais sostible e diversificado e fortalecendo a imaxe de Galicia como un destino gastronómico de excelencia.

Co fin de impulsar a organización de eventos gastronómicos que permitan consolidar a imaxe de Galicia como un destino onde a gastronomía é a protagonista, promóvese un novo recoñecemento que atenda ás nosas características únicas, a través dun Premio Galego para a promoción e posta en valor do produto local e de proximidade, fomentando a utilización de ingredientes locais na oferta gastronómica turística, tanto en restaurantes como en experiencias enogastronómicas, destacando a calidade dos alimentos autóctonos de Galicia. Esta promoción, ademais de apoiar aos produtores locais e fortalecer as economías rurais, permite consolidar a imaxe de Galicia como un destino gastronómico comprometido coa sostibilidade.

Xunto cos premios organizarase unha Gala para premiar ás mellores receitas do ano. Esta contará con presenza institucional, patrocinadores, xurado e xente do mundo da gastronomía galega e foránea e que permita visualizar a calidade dos chefs galegos, poñendo en valor a rica tradición culinaria do noso territorio combinado coas novas tendencias.

Quinto.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, para fomentar a colaboración público privada na consecución destes fins comúns, considera conveniente a sinatura deste convenio coa Asociación, que permita a consecución dos obxectivos sinalados, e que redunde no desenvolvemento do sector turístico da nosa Comunidade Autónoma.

Pola súa parte, a Asociación precisa da implicación e apoio da Administración para manter a súa estrutura como asociación sen ánimo de lucro en defensa do sector e do asociacionismo.

Resulta por tanto de interese público para o turismo de Galicia a participación e apoio a estes eventos, xa que a gastronomía está posicionada como un dos reclamos turísticos máis importantes, polo que resulta conveniente a sinatura do presente convenio de colaboración para buscando o fomento e promoción turística de Galicia a través da súa gastronomía e para un maior desenvolvemento e coñecemento da realidade e potencialidade da nosa Comunidade Autónoma.

A través deste convenio de colaboración instruméntase a concesión directa dunha subvención ao abeiro do disposto nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, concorrendo, polos motivos sinalados, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, e ser a citada Asociación a única que pode desenvolver o seu obxecto no ámbito provincial, non procede a realización dunha convocatoria pública, para os efectos do devandito artigo 26.2.a).

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación Amigos de Cociña Galega para a promoción da cociña galega vinculada ao camiño de Santiago a través dos premios da cociña galega

Segunda .- Orzamento e financiamento

O orzamento de gastos relativos ao obxecto descrito na cláusula anterior ascende a 35.000,00€ (IVE non incluído) que se distribúen do seguinte xeito:

ACTUACIÓN	IMPORTE €
Audiovisual	10.000
Sinalética e impresións	2.000
Presentadores gala	2.000
Fotos e vídeos	2.000
Cátering	4.000
Galardóns	2.000
Deseño IC e Web	4.000
Comunicación	4.000
Secretaría Técnica	5.000
TOTAL ORZAMENTO	35.000,00€

Deste orzamento, a Axencia de Turismo de Galicia financiará a contía de **35.000,00€**; a contía restante para completar a execución do proxecto correspóndelle á Asociación Amigos da Cociña Galega. A achega que fai a Axencia de Turismo de Galicia para a realización das actuacións só cubrirá o custo da realización da actividade sen que a Asociación obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

A Axencia de Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0 código de proxecto 2015 00005 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, a favor da Asociación unha vez que esta entidade achegue a documentación xustificativa disposta no presente convenio.

Terceira.- Compromisos das partes

1. A Asociación queda obrigada á celebración das referidas actuacións, e a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente. Comprometéndose a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia.

Nos materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación deberán constar lendas relativas ao da Xunta de Galicia.

Igualmente, a entidade beneficiaria deberá incluír, nas súas accións promocionais, a marca turística de Galicia, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).

Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.

- Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

2. A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención por importe máximo de 35.000,00€.

Cuarta.- Compatibilidade.

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custo da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á

Axencia de Turismo de Galicia. A Asociación será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

Sexta.- Xustificación e pagamento

1. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve e contera con carácter xeral coa seguinte documentación:

-Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

-Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que contará:

a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do proveedor.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.

g) Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

h) Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten as obrigas de publicidade establecidas no presente convenio.

Por outro lado, A Asociación deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. A cantidade máxima que se obriga a achegar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total.

A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, A Asociación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

3. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devindicadas na data de xustificación. A Asociación quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

4. Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido A Asociación , como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se **teñan efectuado desde o 1 de xaneiro de 2025.**

5. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6. A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

7. Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levan a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

8. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención e realizar a execución do obxecto do convenio será dende a formalización do convenio ata o **15 de decembro de 2025.**

9. O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola Asociación, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio.

Sétima.- Pagamentos anticipados e a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio por un importe máximo do 50% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, de conformidade co disposto no artigo 63.1 Dous do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do antedito Regulamento que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas.

Para proceder ao seu pagamento, A Asociación deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sexta.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Coa solicitude de anticipo a Asociación deberá presentar as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago débedas por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, deberá xuntar declaración de obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

De conformidade co disposto nos artigos 65 e 67 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para a realización dos pagamentos anticipados e a conta a Asociación terá que

constituír unha garantía que deberá cubrir o 110% do importe das cantidades aboadas á conta ou das cantidades anticipadas, cando a súa contía acumulada supere os 18.000 €.

Oitava.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a Asociación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Novena.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia de Turismo de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia.

Décima.- Modificacións do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo primeira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6. Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo segunda.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo terceira.- Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

- a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.
- b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décimo cuarta.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base

de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo quinta.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio subscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través

da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que o concello ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

Décimo sexta.-Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo sétima.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado

electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo oitava.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes firman dixitalmente o presente convenio, no lugar indicado no encabezamento.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Pola Asociación

O director

O presidente

José Manuel Merelles Remy

Francisco Javier Outumuro Castro